



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

Farruquiño de Revera  
era oieto d'unha casa  
a ver qu'estaba dormindo  
fuis'arrimando á rapasa.

Caladiño com'un rato  
xunto dela se deitou,  
quíxolle dar un abrazo  
pero Carme despertou.

“Xa estás aquí Farruquiño,  
que mal ensinado eres,  
siempre m'andas insultando  
non sei qué demo me queres”.

“Boas tardes Maruxiña,  
hoxe véñoche perder  
pois tanto como che quero,  
sin ti non podou vivir”.

“Pous por muito que me queiras,  
muito más ch'eu quero a tí,  
xa non durmo nin descanso,  
sempre estou pensando en tí”.

“Pous ahora, Maruxiña,  
tranquila podes estar,  
que s'é teu pai nos deixa  
pronto nos imos casar”.

“Por meu pai non hai cuidado,  
o malo é miña nai,  
que dixo que me mataba  
antes deixarme casar”.

“Miña nai xa vén ahí,  
está metendo no ghando,  
fálalle con muito xeito  
que tén un xenio mui malo”.

“Boas noites, miña soghra,  
véñolle pedi-la filla,  
se ma dá séntom'un pouco  
se non, marchou más axiña”.

“A miña filla, Farruco,  
é nova pra casar,  
sólo ten corenta anos  
e pódese destragar”.



“¡Ai Jasús, avo María!  
¡oh qué me di miña soghra!  
que se lle destrag´á filla  
e non tén dentes nin moas”.

“Eu a filla non cha dou  
non teño qué che facer  
que ti es un folghazán  
non tés con que a manter”.

Eu a filla non cha dou  
porque cha non quero dar  
que ti es un folghazán  
e non queres traballar.

“Téñolle moi bo ofisio,  
xa sabe que non son ghaiteiro,  
ándalle de festa´n festa  
ghánolle moito diñeiro”.

“A túa filla, Farruco,  
tragha miña filla tola,  
xa non comer nin traballa  
siempre pensando na boda”.

“Pois agora, miña soghra,  
tén que deixa-la casar  
e dispois de casadiña  
ghaita non ll´ha de faltar”.